

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Secretariado Xitano (FSX)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Secretariado Xitano (FSX) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Secretariado Xitano (FSX) nas accións que se dirixirán á poboación xitana, favorecendo o acceso e a permanencia da poboación xitana na formación regulada e o impulso de actuacións que compensen as desigualdades existentes no ámbito da formación básica e permanente desa poboación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Fundación Secretariado Xitano é unha entidade social sen ánimo de lucro (organización privada de natureza fundacional) que ten como fin fundamental a promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Traballar para a promoción e incorporación plena dos xitanos e xitanas na sociedade española.
- b) Fomentar a participación e implicación activa dos xitanos no seu propio desenvolvemento.
- c) Mellorar a imaxe pública da comunidade xitana e difundir os seus valores culturais na sociedade.
- d) Colaborar con persoas, asociacións, ONG, plataformas, organismos e entidades, tanto públicas como privadas que traballen pola promoción da comunidade xitana.
- e) Desenvolver programas de promoción nos campos educativo, sanitario, drogodependencias, xuvenil, de emprego, así como todos aqueles eidos que contribúan a mellorar as condicións de vida da comunidade xitana.
- f) Establecer medidas para a efectiva consecución da Igualdade de Trato e a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes e a non discriminación, entre outras causas, por razón de orixe étnico, sexo, discapacidade, idade, orientación sexual, orixe social ou relixión.
- g) Ofertar servizos de información, formación, orientación e asesoramento nos distintos eidos de actuación como o educativo, de emprego, de vivenda, sanitario, de igualdade e aqueloutros eidos de actuación relacionados cos fins da FSX; ás asociacións, administracións e todas aquelas entidades que estean interesadas na promoción da comunidade xitana. Igualmente, servizos de información, formación, orientación e asesoramento ás vítimas de discriminación.
- h) Desenvolver medidas de sensibilización e campañas de carácter xeral, co obxecto de incidir sobre as causas estruturais da desigualdade.
- i) A defensa e o apoio aos intereses da comunidade xitana tanto a nivel nacional como internacional.
- l) A cooperación ao desenvolvemento e a axuda humanitaria.



En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións que se dirixirán á poboación xitana, favorecendo o acceso e a permanencia da poboación xitana na formación regulada e o impulso de actuacións que compensen as desigualdades existentes no ámbito da formación básica e permanente desa poboación, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

